

GRUPOS LOCAIS EN GALIZA:

En Galiza temos **grupos locais** onde as persoas socias podemos formarnos, reflexionar, organizar actividades... en varias vilas galegas: Vigo, Pontevedra, A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Ourense... Podes achegarte e informarte en:

Vigo: no local de Árbore (Rúa Arquitecto Pérez Bellas 5), os mércores pola tarde (primeiros e últimos de cada mes de 18 a 20:30 horas.) e os mércores pola mañá (de 11:30 a 13 horas.).

O Carballiño: na sede do Cineclubo Carballiño (Auditorio Municipal) todos os venres de 19:30 a 1 horas.

Santiago de Compostela: en Panxea (Rúa da Rosa 36 baixo) os martes de 17:15 a 20:30 horas.

Pontevedra: no local de Amarante-Setem (Rúa Conde San Román 9) de 11 a 13:30 e de 17 a 20 horas (luns a venres).

Tamén podes aclarar as túas dúbidas no **blogue** www.fiaregz.com, no **facebook**, no **twitter** e nos correos electrónicos dos dous **Grupos de Iniciativa Territorial (GIT)** que hai en Galiza:

- **Fiare Galiza Sur:** galizasur@proyectofiare.com
- **Fiare Galiza Norte:** galizanorte@proyectofiare.com

Estamos nunha época de cambios. Iremos informando de todas as novas a través do blogue, facebook e twitter.



Asamblea estatal de Fiare 2014 - Foto de Susi Baraldi



Os nosos materiais informativos están realizados respectando o medio ambiente: utilizamos materias primas certificadas e procesos de produción eficientes e responsables, reducimos os residuos e promovemos comportamentos sustentables. Estas son só algunhas das características do noso proxecto de comunicación.

Máis información en www.fiarebancaetica.coop

BANCA ÉTICA e COOPERATIVA

Somos un banco cooperativo propiedade de miles de persoas e organizacións que traballan para un proxecto de democracia económica. Esta iniciativa xurdiu porque as finanzas non son un fin senón un instrumento para servir á xente e ás empresas sociais que traballan por unha sociedade máis xusta.

Participa en Fiare Banca Ética!

FOLO4 - 09/14



Atoparás máis información en www.fiarebancaetica.coop



FORMA PARTE DO TEU BANCO

Fiare Banca Etica nace grazas ao impulso de persoas e organizacións que queremos construír unha **cooperativa de crédito**, inspirada nos principios das finanzas éticas.

É o resultado da unión de dous proxectos: Banca Popolare Etica, un banco cooperativo que traballa en Italia desde 1999 e Fiare, que opera no Estado español desde 2005. Ambos os dous comparten os mesmos obxectivos: o financiamento de proxectos da economía social e solidaria e a

promoción dunha cultura da intermediación financeira que actúe baixo os principios de transparencia, participación, democracia e o crédito ao servizo da xustiza social.

As persoas socias son as propietarias do banco e as protagonistas do noso proxecto de democracia económica; decenas de miles de persoas e organizacións no Estado español e Italia, **garanten a independencia** de Fiare Banca Etica da política e os grandes grupos económicos e financeiros.

ASOCIARSE SIGNIFICA

- ser parte activa na conformación dunha iniciativa financeira cooperativa e mutualista;
- estar presente en distintos niveis e espazos de participación para decidir sobre o desenvolvemento do proxecto de Banca Etica;
- obter produtos e servizos en condicións favorables, e a posibilidade das entidades de acceder ao financiamento bancario;
- formar parte da construción dun espazo no ámbito da economía solidaria que promova prácticas e alternativas transformadoras.

ESPAZOS DE PARTICIPACIÓN

- na **Asemblea Xeral de Persoas Socias**, seguindo o principio "unha persoa, un voto";
- **formando parte do Grupo de Iniciativa Territorial (GIT)** e impulsando a creación de espazos de alternativa económica transformadores;
- **participando na avaliación ético-social** dos proxectos que piden financiamento;
- **impulsando actos de difusión** (feiras, charlas, eventos) como membro do GIT.

A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DAS PERSOAS SOCIAS

As persoas socias comparten activamente a vida do banco a través da **Organización Territorial das Persoas Socias**, dividida en áreas rexionais e en Grupos de Iniciativa Territoriais (GIT).

A súa función é conectar as actividades do banco ás

necesidades locais, estimulando o retorno mutualista propio da nosa organización e difundindo a nivel local a cultura das finanzas éticas.

Para coñecer as actividades, noticias e iniciativas dos grupos locais de persoas socias visita a web: www.fiarebancaetica.coop



OS NOSOS VALORES

Partimos da premisa de que a actividade económica debe rexerse tamén por criterios éticos. Trátase de que o noso aforro apoie actividades socialmente positivas.

Grazas aos depósitos de aforro das persoas e organizacións que compartimos os **principios da transparencia, da participación, da democracia e do crédito ao servizo da xustiza** pódense financiar **proxectos vinculados a: a loita contra a exclusión social, o desenvolvemento cooperativo, os valores transformadores, a agroecoloxía, a cooperación ao desenvolvemento e o comercio xusto.**

Estes proxectos teñen en común unha **vocación de transformación social** a través da **creación de estruturas e redes de economía solidaria** que poñen a actividade económica ao servizo das persoas. O financiamento apróbase tras pasar unha avaliación económica, social e ambiental dos proxectos.

A transparencia é un alicerce fundamental na actividade de Fiare Banca Etica.

Somos un **banco cooperativo de referencia en Europa con máis de 40.000 persoas socias**, onde a participación destas baixo o principio de "unha persoa, un voto" garante a xestión democrática e o compromiso ético da entidade.

As **persoas socias organízanse a nivel local**, para traballar aspectos tan importantes da vida do proxecto como a actividade cultural, a interacción coa estrutura operativa, a avaliación ético social das solicitudes de financiamento e a identificación das necesidades do territorio en relación a servizos bancarios.